



iSSGA

INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

**ANÁLISE DE MORTALIDADE POR
ACCIDENTE DE TRABALLO EN GALICIA
2005-2017**

INFORME

XUNTA DE GALICIA

ANÁLISE DE MORTALIDADE POR
ACCIDENTE DE TRABALLO EN
GALICIA. 2005-2017

INFORME

Edición:

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)

www.issga.xunta.gal

Coordinación:

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación

Santiago de Compostela, xullo 2019



Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón: issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4,0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Índice

| | | | |
|--|------------|--|--|
| 1. INTRODUCCIÓN | 7 | | |
| 2. METODOLOXÍA DE TRABALLO | 11 | | |
| 3. RESULTADOS AGREGADOS DE ACCIDENTES MORTAIS INVESTIGADOS NO PERÍODO 2005-2017 | 17 | | |
| 3.1. Causas e bloques de causas | 18 | | |
| 3.2. Variables relacionadas coa persoa traballadora | 25 | | |
| 3.3. Variables relacionadas coa empresa | 34 | | |
| 3.4. Variables descritivas do accidente | 36 | | |
| 3.5. Actividade preventiva | 44 | | |
| 4. RESULTADOS DE ACCIDENTES MORTAIS INVESTIGADOS POR GRUPOS TEMPORAIS | 49 | | |
| 4.1. Análise de mortalidade no período 2005-2007 | 49 | | |
| 4.1.1. Causas e bloques de causas | 50 | | |
| 4.1.2. Variables relacionadas coa persoa traballadora | 55 | | |
| 4.1.3. Variables relacionadas coa empresa | 64 | | |
| 4.1.4. Variables descritivas do accidente | 65 | | |
| 4.1.5. Actividade preventiva | 74 | | |
| 4.2. Análise de mortalidade no período 2008-2012 | 76 | | |
| 4.2.1. Causas e bloques de causas | 76 | | |
| 4.2.2. Variables relacionadas coa persoa traballadora | 83 | | |
| 4.2.3. Variables relacionadas coa empresa | 93 | | |
| 4.2.4. Variables descritivas do accidente | 94 | | |
| 4.2.5. Actividade preventiva | 103 | | |
| 4.3. Análise de mortalidade no período 2013-2017 | 105 | | |
| 4.3.1. Causas e bloques de causas | 105 | | |
| 4.3.2. Variables relacionadas coa persoa traballadora | 112 | | |
| 4.3.3. Variables relacionadas coa empresa | 123 | | |
| 4.3.4. Variables descritivas do accidente | 124 | | |
| 4.3.5. Actividade preventiva | 134 | | |
| 5. RESULTADOS AGREGADOS DE ACCIDENTES MORTAIS NON INVESTIGADOS NO PERÍODO 2005-2017 | 139 | | |
| 5.1. Motivos da non investigación dos accidentes | 139 | | |
| 5.2. Accidentes non investigados por ano e por provincia | 141 | | |
| 5.3. Sexo e idade da persoa traballadora | 142 | | |
| 5.4. Sector do centro de traballo | 142 | | |
| 6. CONCLUSIÓNS..... | 147 | | |
| 7. ANEXOS | 155 | | |
| 7.1. Código de causas e bloques 2005 | 155 | | |
| 7.2. Código de causas e bloques 2008 | 162 | | |
| 8. ÍNDICE DE TÁBOAS E GRÁFICAS | 167 | | |

| | |
|-------------------------|-----|
| 8.1. Índice de táboas | 167 |
| 8.2. Índice de gráficas | 171 |

INTRODUCCIÓN |

1. Introducción

Este informe amplía e complementa os datos relativos á sinistralidade laboral en Galicia que o **Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)** publica anualmente, ao recoller información detallada sobre os accidentes de traballo mortais investigados e non investigados na nosa comunidade.

O seu contido segue a estrutura do estudo anual sobre accidentes de traballo mortais que realiza o Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo (INSST).

Estes datos parten da información obtida dos partes de accidentes mortais que foron notificados á autoridade laboral galega mediante o sistema Delt@.

O estudo realízase, en primeiro lugar, sobre os accidentes de traballo mortais investigados polo equipo técnico do ISSGA, facendo unha análise agregada para o período 2005-2017 e a súa vez desagregada para tres períodos temporais: 2005-2007, 2008-2012 e 2013-2017.

A análise efectúase por períodos plurianuais co fin de agrupar un maior número de accidentes mortais que permita realizar un estudo específico sobre os accidentes e á súa vez dar a coñecer a evolución da sinistralidade laboral mortal en Galicia.

Ofrecese información sobre as causas que materializaron os accidentes mortais e outras variables que o describen, sobre o perfil das persoas traballadoras falecidas, as empresas nas que se rexistraron os accidentes e a forma en que se xestionaba a prevención.

Faise tamén unha análise dos accidentes de traballo mortais non investigados polo ISSGA no período 2005-2017, incluíndo tanto os datos dos accidentes propios (de empresas galegas) como non propios (non galegas). Aquí engópanse os accidentes mortais por accidentes tráfico in itinere ou por desprazamento, patoloxías non traumáticas, os producidos fóra da comunidade autónoma e outros motivos que xustifican que non foran investigados polo ISSGA ao estar fóra das súas competencias.

O estudo da accidentabilidade mortal das persoas traballadoras en Galicia ofrece así información imprescindible para caracterizar os accidentes mortais acontecidos durante os últimos anos, o que permitirá deseñar e impulsar medidas específicas co fin de reducir a sinistralidade laboral e á súa vez, dar respostas e asesoramento efectivo e eficiente, tanto ás persoas traballadoras como aos empresarios galegos, para poder xestionar a prevención de riscos laborais de forma adaptada á realidade do noso territorio.

METODOLOGÍA DE TRABAJO |

2. Metodoloxía de traballo

Para a análise da mortalidade dos accidentes de traballo en Galicia seguiu-se unha metodoloxía de carácter cuantitativo desenvolvida a través da explotación das bases de datos de accidentes mortais investigados e non investigados que manexa o equipo técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), onde se recollen os datos de accidentes de traballo codificados para as distintas variables do sistema Delt@ (Sistema de Declaración Electrónica de Accidentes de Traballo), que proceden dos partes de accidentes de traballo con baixa que foron notificados e tramitados na autoridade laboral.

O estudo realízase sobre os accidentes de traballo mortais investigados e os non investigados na Comunidade Autónoma de Galicia acontecidos entre os anos 2005 e 2017 (ver o resumo do computo dos ATM na táboa 109 do apartado de **Conclusiones**).

Os resultados para estas dúas seccións (investigados e non investigados) preséntanse de forma agregada para este período global, para logo, no caso dos accidentes investigados, desagregarse en tres períodos temporais de estudo, co fin de obter datos máis detallados, facer comparacións e ver a posible influencia da situación económica.

- Período 2005-2007.
- Período 2008-2012.
- Período 2013-2017.

Na análise de determinadas variables faise referencia a varias clasificacións, como o Código de Causas de accidentes laborais (a natureza dos accidentes é multi-causal), a Clasificación Nacional de Actividades

Económica (CNAE) e a Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO). Estas clasificacións foron revisadas e actualizadas en varias ocasións coa finalidade de mellorar o seu rexistro e codificación.

Segundo o período temporal analizado, no estudo tómanse as clasificacións vixentes nese momento e se a serie temporal engloba anos nos que están vixentes unha ou outra clasificación dependendo do ano, realízase as correspondencias dos códigos da clasificación anterior á vixente co fin de obter unha clasificación unificada que permitira realizar a análise de forma homoxénea da serie temporal.

Deste modo, entre os anos 2005 e 2007 están operativos o Código de Causas 2005, a CNAE-1993 e a CNO-1994. Mentres, entre os anos 2013 e 2017 están vixentes o Código de Causas 2008, que toma como referencia a NTP 924. “Causas de accidentes: Clasificación e codificación” do INSST; a CNAE-2009 e a CNO-2011.

No caso da serie temporal 2008-2012 e para a análise agregada dos datos para o período global de estudo 2005-2017, ao agrupar anos nos que están operativas distintas clasificacións, realízanse as correspondencias das clasificacións anteriores ás vixentes na actualidade (Código de Causas 2008, CNAE-2009 e CNO-2011) para unificar a análise.

Táboa 1. Clasificacións seguidas no estudo para a análise dos accidentes de traballo mortais en cada serie temporal

| Serie temporal | Código causas | CNAE | CNO |
|----------------|---------------|------|------|
| 2005-2007 | 2005 | 1993 | 1994 |
| 2008-2012* | 2008 | 2009 | 2011 |
| 2013-2017 | 2008 | 2009 | 2011 |
| 2005-2017* | 2008 | 2009 | 2011 |

*Para a análise fanse as correspondencias ao Código Causas 2008, CNAE-2009 e CNO-2011 para os anos anteriores a estas clasificacións

A súa vez as causas agrúpanse en 8 bloques de causas que reflicten os grupos principais de deficiencias preventivas, que se consideran tamén na análise das variables de mortalidade:

- B-1 Prevención intrínseca.
- B-2 Protección ou sinalización.
- B-3 Materiais, produtos ou axentes.
- B-4 Espazos e superficies de traballo.
- B-5 Organización do traballo.
- B-6 Xestión da prevención.
- B-7 Factores individuais.
- B-8 Outras causas: inclúe os Feitos non causais (9299), Outras causas (9199) e todas as causas X999

No apartado de **Anexos** deste informe recóllense a relación exhaustiva dos Códigos de Causas e Bloques 2005 e 2008 para a súa consulta.

Outro factor que se ten en conta na análise dos accidentes de traballo mortais é o sector do centro de traballo onde se produciu o accidente. Na presentación dos datos por sector, englobábase para cada un as seguintes

seccións e códigos CNAE segundo a clasificación tomada de referencia no período de estudo:

CNAE-1993:

| Sectores | Seccións CNAE-93 que engloban | Divisións CNAE-93 |
|-------------|-------------------------------|-------------------|
| Agrario | A | 01-02 |
| Pesca | B | 05 |
| Industria | C-E | 10-41 |
| Construción | F | 45 |
| Servizos | G-Q | Resto |

CNAE-2009:

| Sectores | Seccións CNAE-09 que engloban | Divisións CNAE-09 |
|-------------|-------------------------------|-------------------|
| Agrario | A | 01-02 |
| Pesca | A | 03 |
| Industria | B-E | 05-39 |
| Construción | F | 41-43 |
| Servizos | G-U | Resto |

En canto as variables do sistema Delt@ que se presentan nos resultados do estudo de accidentes mortais investigados, inclúense as seguintes:

- **Tipo de lugar:** local de traballo, lugar ou entorno xeral onde se atopaba a persoa traballadora antes de producirse o accidente.
- **Tipo de traballo:** actividade xeral que realizaba a vítima no momento de producirse o accidente, as tarefas que estaba realizando.

- **Desviación:** suceso anormal que intervéñ de forma negativa no proceso de execución do traballo e que deu lugar ao accidente, a situación que ocasionou o dano.
- **Forma-contacto:** modo no que a persoa traballadora resultou falecida como consecuencia dun axente material, é dicir, a maneira de producirse o dano.

Nalgúns dos períodos temporais de estudo, cando o número de accidentes investigados en mulleres e estranxeiros son poucos casos, non se ofrecen datos descritivos destes colectivos xa que elo podería comprometer o anonimato das persoas accidentadas.

Para a análise das causas detectadas con maior frecuencia en cada variable estudada seguiuuse a metodoloxía aplicada no estudo anual sobre accidentes de traballo mortais que realiza o Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo (INSST). Deste modo, na exposición destes resultados amósanse os datos máis representativos para cada variable en comparación cos datos totais de causas máis frecuentes, é dicir, aqueles con valores (%) superiores aos totais de causas (ver táboa “Distribución das causas identificadas con maior frecuencia nas investigacións e % de accidentes nas que aparecen” de cada un dos períodos estudados).

Finalmente, ademais de ofrecerse información sobre as causas que materializaron os accidentes mortais investigados e outras variables que os describen, así como o perfil das persoas traballadoras falecidas e as empresas nas que se rexistraron os accidentes, recóllense datos sobre as modalidades de organización preventiva adoptadas polas empresas segundo o art. 10 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Servizos de Prevención, e o nivel de

cumprimento das fases do proceso preventivo (que aparecen identificadas na páxina 45 deste informe).


RESULTADOS DE ACCIDENTES MORTAIS INVESTIGADOS 2005-2017

3. Resultados agregados de accidentes mortais investigados no período 2005-2017

Neste período rexístranse **352 accidentes de traballo mortais (ATM)** que aconteceron e foron investigados na Comunidade Autónoma de Galicia, fronte os 571 de ATM non investigados (analizados no capítulo 5 deste informe). Isto supón o 38,1% do total de ATM (ver táboa resumo 109 do apartado de **Conclusións**).

O 39,2% prodúcese na provincia de A Coruña, seguido de Pontevedra (34,9%), Lugo (18,2%) e Ourense (7,7%).

Gráfica 1. Porcentaxe de ATM segundo provincia galega onde se investigou. Período 2005-2017




N ATM: 352

Recóllese na seguinte gráfica a evolución do número de accidentes investigados ao longo dos anos que constitúen o total do período. Obsérvase un punto de inflexión a partir do ano 2011. Se ben antes dese ano o número de ATM está, polo xeral, por riba dos 30 casos, destacando sobre todo os anos 2005 e 2008 con 48 e 45 accidentes mortais

respectivamente, no ano 2011 redúcese a 11 casos, 20 vítimas menos que no ano anterior. Nos vindeiros anos mantense o número de ATM por debaixo de 20, para nos últimos tres anos situarse xa entre os 23-25 falecidos.

Gráfica 2. ATM investigados en Galicia segundo ano. Período 2005-2017



Alguns datos en relación aos ATM producidos neste período son os seguintes:

- 14 das persoas falecidas corresponden a cinco accidentes múltiples, nun deles faleceron cinco persoas, en tres foron dúas as vítimas e no outro, foron tres.
- O 19,9% dos accidentes son de traballadores/as de subcontratas.
- O 59,4% dos accidentes prodúcese no centro de traballo habitual, o 26,4% noutro centro de traballo e o 12,8% en desprazamento (que non son accidentes de tráfico).

→ O 5,7% das persoas falecidas non realizaban o seu traballo habitual no momento do accidente.

A continuación preséntase a análise das causas dos ATM e sobre distintas variables relacionadas co traballador, a empresa e descritivas do accidente. Nesta análise faise referencia a varias clasificacións, como o Código de Causas de accidentes laborais, a Clasificación Nacional de Actividades Económica (CNAE) e a Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO). Estas clasificacións sufriron cambios ao longo do período de estudo 2005-2017, pasando a aprobarse unhas que substitúen ás anteriores.

Co fin de efectuar unha análise homoxénea dos datos desta serie temporal, tómanse de referencia as clasificacións vixentes na actualidade e realízase a correspondencia dos códigos de cada clasificación anterior á vixente co fin de obter unha clasificación unificada.

3.1. Causas e bloques de causas

A clasificación de causas de accidentes laborais vixente actualmente é o código de causas 2008, que toma como referencia a NTP 924. “Causas de accidentes: Clasificación e codificación” do INSST. Os seus códigos de causas son os que se toman de base para facer as correlacións dos códigos da clasificación anterior rexistrados para os anos 2005 a 2007 (código de causas 2005).


Estas causas, á súa vez, agrúpanse en 8 bloques, que poden consultarse no apartado **anexos** deste informe e que se empregarán para facilitar a interpretación dos resultados da análise da mortalidade:

- Prevención intrínseca.
- Organización do traballo.
- Protección ou sinalización.
- Xestión da prevención.
- Materiais, produtos ou axentes.
- Factores individuais.
- Espazos ou superficies traballo.
- Outras causas.

❖ Análise de causas e bloques de causas

Identifícanse **1.033 causas** nos 352 accidentes de traballo investigados en Galicia neste período. A natureza dos accidentes é multi-causal, polo que hai maior número de causas que accidentes laborais.

Gráfica 3. Porcentaxe de ATM investigados segundo o número de causas identificadas. Período 2005-2017



En todos os accidentes de traballo investigados rexístrase polo menos unha causa que o explica (ver gráfica 3 anterior) e no 78,4% detéctanse ao menos dúas e así sucesivamente. Os valores que se amosan na gráfica

acumúlanse de esquerda á dereita. Atópanse 1,7% de accidentes nos que se identifican na investigación dez causas.

Na táboa 2 recóllense as **principais causas** que foron identificadas con maior frecuencia nas investigacións dos ATM, así como a porcentaxe de accidentes nos que aparecen. A principal causa detectada é “6102. Método de traballo inadecuado” (5,7%), presente no 16,8% dos accidentes. Séguelle “8108. Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa” (4,3%), que foi identificada no 12,5% dos ATM.

Hai que ter en conta á hora de analizar as causas dos ATM que o 19,9% das persoas traballadoras falecidas son de subcontratas e o 26,4% dos accidentes prodúcense noutro centro de traballo que non é o habitual, pola que algunha destas causas poden ser responsabilidade da propia empresa cara o seu traballador/a, outras do centro de traballo externo onde se produciu o accidente ou pola inadecuada coordinación de actividades preventivas, de ser o caso.

Táboa 2. Distribución (%) das causas identificadas con maior frecuencia nas investigacións e % de accidentes nas que aparecen. Período 2005-2017


| Causas máis frecuentes | N causas | % sobre total causas (1.033) | % sobre total ATM (352) |
|--|----------|------------------------------|-------------------------|
| 6102 Método de traballo inadecuado | 59 | 5,7% | 16,8% |
| 8108 Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa | 44 | 4,3% | 12,5% |
| 8199 Outras causas relativas aos factores de comportamento | 36 | 3,5% | 10,2% |
| 6101 Método de traballo inexistente | 29 | 2,8% | 8,2% |
| 7201 Non identificación dos riscos que materializaron o accidente | 27 | 2,6% | 7,7% |
| 8106 Non utilización de equipos de protección individual postos a disposición pola empresa e de uso obrigatorio | 27 | 2,6% | 7,7% |
| 7206 Formación/información inadecuada, inexistente sobre riscos ou medidas preventivas | 25 | 2,4% | 7,1% |
| 7101 Inexistencia ou insuficiencia dun procedemento que regule a realización das actividades dirixidas á identificación e avaliación de riscos, incluídas as referidas aos estudos requiridos nas Obras de Construción | 23 | 2,2% | 6,5% |
| 6110 Ausencia de vixilancia, control e dirección de persoa competente | 22 | 2,1% | 6,3% |
| 6304 Formación/información inadecuada ou inexistente sobre a tarefa | 21 | 2,0% | 6,0% |
| 1104 Ausencia/deficiencia de proteccións colectivas fronte a caídas de persoas | 20 | 1,9% | 5,7% |
| 9199 Outras causas | 19 | 1,8% | 5,4% |
| 7208 Non poñer a disposición dos traballadores as prendas ou equipos de protección necesarios ou ser estes inadecuados ou mal mantidos, ou non supervisar a súa correcta utilización | 18 | 1,7% | 5,1% |
| 7203 Non execución das medidas preventivas propostas na planificación derivada da avaliación de riscos | 17 | 1,6% | 4,8% |
| 8102 Incumprimento de procedementos e instrucións de traballo | 17 | 1,6% | 4,8% |
| 1105 Aberturas e ocios desprotexidos | 15 | 1,5% | 4,3% |

| Causas máis frecuentes | N causas | % sobre total causas (1.033) | % sobre total ATM (352) |
|---|--------------|------------------------------|-------------------------|
| 6401 Non poñer a disposición dos traballadores as máquinas, equipos e medios auxiliares necesarios ou adecuados | 14 | 1,4% | 4,0% |
| 7102 Inexistencia ou deficiencia dun procedemento que regule a planificación da implantación das medidas preventivas propostas, incluídas as referidas aos plans de seguridade nas Obras de Construción | 14 | 1,4% | 4,0% |
| 1106 Falta de seguridade estrutural ou estabilidade de paramentos, etc. | 13 | 1,3% | 3,7% |
| 3199 Outras causas relativas ao deseño, localización, construción, montaxe, mantemento, reparación e limpeza de máquinas | 13 | 1,3% | 3,7% |
| 7212 Asignación de tarefa a un traballador con falta de cualificación ou experiencia | 13 | 1,3% | 3,7% |
| 4203 Ausencia/deficiencia de proteccións colectivas fronte a caídas de persoas e obxectos desde equipos de traballo | 12 | 1,2% | 3,4% |
| 6303 Instrucións respecto á tarefa confusas, contraditorias ou insuficientes | 12 | 1,2% | 3,4% |
| 1110 Pavimento deficiente ou inadecuado (descontinuo, escorregadizo, inestable, con pendente excesiva, etc.) | 11 | 1,1% | 3,1% |
| 1308 Causas relativas aos aspectos meteorolóxicos | 11 | 1,1% | 3,1% |
| 3104 Defectos de estabilidade en equipos, máquinas ou os seus compoñentes | 11 | 1,1% | 3,1% |
| 3201 Ausencia e/ou deficiencia de resgardos e de dispositivos de protección (nota: o fallo pode consistir na inexistencia de resgardos ou de dispositivos de protección, na súa mala instalación, na súa aplicación en lugar de outros máis adecuados ao risco que queren evitar) | 11 | 1,1% | 3,1% |
| 4102 Deficiente localización, defectos de estabilidade en equipos de traballo debido a unha incorrecta construción, montaxe e mantemento | 11 | 1,1% | 3,1% |
| 6299 Outras causas relativas á organización das tarefas | 11 | 1,1% | 3,1% |
| 7209 Falta de presenza dos recursos preventivos requiridos | 11 | 1,1% | 3,1% |
| TOTAL de causas máis frecuentes | 587 | 56,8% | |
| TOTAL de causas | 1.033 | 100,00% | |

Atendendo aos **bloques de causas**, as causas con maior presenza nos accidentes son as englobadas no bloque “Organización do traballo”, que representa o 30,1% do total de causas identificadas e están presentes no 88,4% dos ATM. Séguelle as causas do bloque “Xestión da prevención” (18,4%), presentes no 54% dos ATM e “Factores individuais” (15,4%), responsables do 45,2% dos accidentes. Estes resultados reflicten

a necesidade de buscar melloras preventivas nestas tres áreas co fin de diminuír os accidentes mortais.

Gráfica 4. Distribución (%) de bloques de causas e ATM nos que aparecen. Período 2005-2017




N Causas: 1.033; N ATM: 352

❖ **Análise de causas e bloques de causas por sector do centro de traballo onde se produciu o accidente**

No período temporal 2005-2017, o 35,2% dos ATM investigados foi no sector de construción, seguido de industria (22,7%), servizos (18,5%), pesca (12,5%) e agrario (10,2%).

Gráfica 5. Distribución (%) de ATM investigados por sector de actividade do centro traballo onde se produciu o accidente. Período 2005-2017



N ATM: 352

A continuación recóllense os datos desagregados dos bloques de causas e causas máis frecuentes identificadas por sector de actividade nas que se observan valores superiores á porcentaxe total de causas do período de estudo (indícanse en “negriña” nas táboas os que teñen maiores diferenzas).

Táboa 3. Distribución (%) dos bloques de causas por sector de actividade do centro de traballo onde se produciu o accidente. Período 2005-2017

| Bloque causas | Sector agrario | Sector industrial | Sector construción | Sector servizos | Sector pesca | TOTAL causas |
|-----------------------------------|----------------|-------------------|--------------------|-----------------|--------------|--------------|
| Prevenición intrínseca | 5,5% | 11,7% | 9,6% | 10,5% | 13,4% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 9,9% | 11,0% | 9,3% | 6,8% | 5,2% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 6,6% | 3,3% | 1,9% | 3,1% | 13,4% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 8,8% | 9,5% | 14,4% | 6,3% | 7,2% | 10,5% |
| Organización do traballo | 37,4% | 27,5% | 31,2% | 29,8% | 25,8% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 9,9% | 22,0% | 18,7% | 18,8% | 14,4% | 18,4% |
| Factores individuais | 20,9% | 14,3% | 13,9% | 20,9% | 9,3% | 15,4% |
| Outras causas | 1,1% | 0,7% | 1,1% | 3,7% | 11,3% | 2,4% |

N Causas: 1.033

Táboa 4. Distribución (%) das causas identificadas con maior frecuencia por sector de actividade do centro de traballo onde se produciu o accidente. Período 2005-2017

| Causas máis frecuentes | Sector agrario | Sector industrial | Sector construción | Sector servizos | Sector pesca | TOTAL causas |
|---|----------------|-------------------|--------------------|-----------------|--------------|--------------|
| 6102 Método de traballo inadecuado | 14,3% | 4,8% | 4,5% | 6,3% | 2,1% | 5,7% |
| 8108 Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa | 12,1% | 2,6% | 3,5% | 5,2% | 3,1% | 4,3% |
| 8199 Outras causas relativas aos factores de comportamento | 3,3% | 2,2% | 4,3% | 5,8% | 0,0% | 3,5% |
| 7201 Non identificación dos riscos que materializaron o accidente | 2,2% | 3,7% | 1,1% | 4,7% | 2,1% | 2,6% |
| 8106 Non utilización de equipos de protección individual postos a disposición pola empresa e de uso obrigatorio | 0,0% | 2,2% | 3,7% | 1,0% | 5,2% | 2,6% |
| 6304 Formación/información inadecuada ou inexistente sobre a tarefa | 3,3% | 1,5% | 1,3% | 2,6% | 4,1% | 2,0% |
| 9199 Outras causas | 0,0% | 0,7% | 1,1% | 2,1% | 9,3% | 1,8% |
| 7208 Non poñer a disposición dos traballadores as prendas ou equipos de protección necesarios ou ser estes inadecuados ou mal mantidos, ou non supervisar a súa correcta utilización | 1,1% | 0,7% | 2,4% | 0,0% | 6,2% | 1,7% |
| 7203 Non execución das medidas preventivas propostas na planificación derivada da avaliación de riscos | 3,3% | 2,6% | 1,3% | 0,5% | 1,0% | 1,6% |
| 8102 Incumprimento de procedementos e instrucións de traballo | 1,1% | 3,3% | 0,5% | 2,1% | 1,0% | 1,6% |
| 3199 Outras causas relativas ao deseño, localización, construción, montaxe, mantemento, reparación e limpeza de máquinas | 0,0% | 0,4% | 0,8% | 2,6% | 4,1% | 1,3% |
| 1110 Pavimento deficiente ou inadecuado (descontinuo, escorregadizo, inestable, con pendente excesiva, etc.) | 5,5% | 0,7% | 1,1% | 0,0% | 0,0% | 1,1% |
| 1115 Deficiencia/ausencia de sinalización ou outro tipo de elementos necesarios para a delimitación da zona de traballo (ex.: Manobras ou traballos próximos a instalacións de a.t., área de obra, movementos de vehículos, etc.) | 2,2% | 0,7% | 1,3% | 0,0% | 0,0% | 0,9% |
| 1199 Outras causas relativas á configuración dos espazos de traballo | 2,2% | 0,7% | 0,5% | 0,5% | 2,1% | 0,9% |
| 8999 Outras causas relativas aos factores persoais-individuais | 1,1% | 0,7% | 0,0% | 2,6% | 0,0% | 0,8% |
| 6111 Non organizar o traballo tendo en conta as condicións meteorolóxicas adversas | 0,0% | 0,0% | 0,3% | 0,5% | 5,2% | 0,7% |
| 6103 Deseño inadecuado do traballo ou tarefa | 3,3% | 0,0% | 0,5% | 0,0% | 0,0% | 0,5% |

N Causas: 1.033

❖ **Análise de causas e bloques de causas por actividade económica do centro de traballo onde se produciu o accidente**

Para a análise das causas e bloques de causas por actividade económica do centro de traballo onde se produciu o accidente¹ tómase de referencia as seccións ou grupos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE).

O período temporal 2005-2017 agrupa anos nos que están vixentes distintas CNAE. A CNAE-1993 estivo operativa ata o ano 2008 e a CNAE-2009, que é a que actualmente está vixente, substituíu a anterior. Polo tanto, para realizar unha análise homoxénea dos datos considéranse a clasificación vixente, a CNAE-2009 e realízase a correlación dos códigos da clasificación anterior, da CNAE-1993 á actual.


Na seguinte gráfica recóllense as principais actividades económicas onde se rexistraron ATM en Galicia no período 2005-2017 (agrupan o 91,2% dos accidentes). Correspóndense coas seguintes seccións ou grupos da CNAE 2009:

- A: Agricultura, gandería, silvicultura e pesca.
- C: Industria manufactureira.
- F: Construción.
- G: Comercio polo xunto e polo miúdo; reparación vehículos de motor e motocicletas.
- H: Transporte e almacenamento.

¹ Pode ser o centro de traballo habitual, outro centro de traballo da empresa ou un centro de traballo externo, no caso de contratas ou subcontratas.

O 35,2% dos ATM concéntranse nas actividades da construción, seguido das actividades de agricultura, gandería, silvicultura e pesca (22,7%).

Gráfica 6. Distribución (%) de ATM investigados por CNAE do centro traballo onde se produciu o accidente. Período 2005-2017



Na seguinte táboa desagreganse os datos dos bloques de causas polas principais actividades CNAE onde se producen os accidentes, destacando en negra os bloques cos datos que presentan maiores diferenzas respecto á porcentaxe total dos bloques de causas.

Táboa 5. Distribución (%) dos bloques de causas por CNAE do centro traballo onde se produciu o accidente. Período 2005-2017

| Bloque causas | A | C | F | G | H | TOTAL causas |
|-----------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Prevención intrínseca | 9,6% | 11,3% | 9,6% | 9,7% | 8,1% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 7,4% | 10,8% | 9,3% | 7,5% | 6,5% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 10,1% | 3,9% | 1,9% | 4,3% | 1,6% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 8,0% | 9,1% | 14,4% | 6,5% | 8,1% | 10,5% |
| Organización do traballo | 31,4% | 26,4% | 31,2% | 35,5% | 22,6% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 12,2% | 22,1% | 18,7% | 14,0% | 27,4% | 18,4% |
| Factores individuais | 14,9% | 16,0% | 13,9% | 20,4% | 22,6% | 15,4% |
| Outras causas | 6,4% | 0,4% | 1,1% | 2,2% | 3,2% | 2,4% |

N Causas: 1.033

3.2. Variables relacionadas coa persoa traballadora

❖ Sexo e nacionalidade

O 97,7% das persoas traballadoras falecidas nos accidentes de traballo no período 2005-2017 son homes e por nacionalidade, o 7,7% dos ATM correspóndese a traballadores estranxeiros (27 casos).

Dos estranxeiros pódense ofrecer algúns datos descritivos. Así, o 37,0% pertencen ao sector da pesca e o 29,6% ao agrario, sendo o contrato temporal a modalidade contractual maioritaria (51,8% fronte ao 46,4% no caso das persoas traballadoras españolas). No 7,4% (2 casos) dos estranxeiros accidentados non había servizo de prevención implantado.

Do resto que si o tiñan, o 81,5% realizou a avaliación de riscos nos postos.

Máis abaixo recóllense os datos dos bloques de causas por sexo das persoas traballadoras (táboa 6) e por nacionalidade (táboa 7) nos que se observan valores superiores ao total de causas do período de estudo (indícanse en “negriña” os que teñen maiores diferenzas), mentres que na táboa 8 se presentan as causas identificadas con maior frecuencia segundo nacionalidade.

Nos homes e nas persoas traballadoras españolas, os bloques de causas seguen a mesma proporcionalidade que os datos totais.

Táboa 6. Distribución (%) de bloques de causas segundo sexo das persoas traballadoras. Período 2005-2017

| Bloque causas | Sexo | | TOTAL causas |
|-----------------------------------|-------|--------------|--------------|
| | Home | Muller | |
| Prevención intrínseca | 10,4% | 4,2% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 9,1% | 4,2% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 3,9% | 8,3% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 10,5% | 8,3% | 10,5% |
| Organización do traballo | 29,9% | 37,5% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 18,1% | 29,2% | 18,4% |
| Factores individuais | 15,7% | 4,2% | 15,4% |
| Outras causas | 2,4% | 4,2% | 2,4% |

N Causas: 1.033

Táboa 7. Distribución (%) de bloques de causas segundo nacionalidade das persoas traballadoras. Período 2005-2017

| Bloque causas | Nacionalidade | | TOTAL causas |
|-----------------------------------|---------------|--------------|--------------|
| | Española | Estranxeira | |
| Prevenición intrínseca | 10,0% | 14,5% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 9,0% | 9,7% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 3,8% | 6,5% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 10,8% | 4,8% | 10,5% |
| Organización do traballo | 30,5% | 24,2% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 18,7% | 12,9% | 18,4% |
| Factores individuais | 15,0% | 21,0% | 15,4% |
| Outras causas | 2,2% | 6,5% | 2,4% |

N Causas: 1.033

Táboa 8. Distribución (%) das causas identificadas con maior frecuencia nos ATM segundo nacionalidade das persoas traballadoras. Período 2005-2017

| Causas máis frecuentes | Nacionalidade | | TOTAL causas |
|--|---------------|-------------|--------------|
| | Española | Estranxeira | |
| 6102 Método de traballo inadecuado | 5,5% | 9,7% | 5,7% |
| 8108 Permanencia traballador dentro zona perigosa | 4,0% | 8,1% | 4,3% |
| 7201 Non identificación dos riscos que materializaron o accidente | 2,6% | 3,2% | 2,6% |
| 6304 Formación/información inadecuada ou inexistente sobre a tarefa | 1,6% | 8,1% | 2,0% |
| 9199 Outras causas | 1,8% | 3,2% | 1,8% |
| 7203 Non execución medidas preventivas propostas na planificación derivada da avaliación de riscos | 1,5% | 3,2% | 1,6% |
| 1110 Pavimento deficiente ou inadecuado (descontínuo, escorregadizo, inestable, con pendente excesiva, etc.) | 0,9% | 3,2% | 1,1% |
| 1308 Causas relativas a aspectos meteorolóxicos | 0,9% | 3,2% | 1,1% |


N Causas: 1.033

❖ Idade

Por grupos de idade, o colectivo de 35 a 49 anos é no que se presentan máis ATM (36,6% dos accidentes), seguido de preto dos de 50 ou máis anos (32,4%) e finalmente polos de menos de 35 anos (25%).

A idade media das persoas traballadoras falecidas nos accidentes investigados no período é de 43 anos, sendo a mediana os 44 anos.

Gráfica 7. Distribución (%) de ATM investigados por idade das persoas traballadoras. Período 2005-2017



Nas seguintes táboas recóllense os bloques de causas e causas máis frecuentes identificadas por idade das persoas traballadoras nas que se observan datos superiores ao total de causas do período de estudo (indícanse en “negriña” os que teñen maiores diferenzas).

Táboa 9. Distribución (%) de bloques de causas por idade das persoas traballadoras. Período 2005-2017

| Bloque causas | Menos de 35 anos | 35 a 49 anos | 50 ou máis anos | TOTAL causas |
|-----------------------------------|------------------|--------------|-----------------|--------------|
| Prevenção intrínseca | 5,0% | 11,9% | 12,0% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 8,6% | 9,0% | 9,2% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 3,2% | 3,2% | 5,5% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 10,4% | 7,9% | 13,5% | 10,5% |
| Organización do traballo | 35,5% | 31,5% | 26,2% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 17,2% | 19,6% | 16,6% | 18,4% |
| Factores individuais | 18,3% | 14,0% | 14,8% | 15,4% |
| Outras causas | 1,8% | 2,9% | 2,2% | 2,4% |

N Causas: 1033

Táboa 10. Distribución (%) das causas identificadas con maior frecuencia nos ATM por idade das persoas traballadoras. Período 2005-2017

| Causas máis frecuentes | <35 anos | 35 a 49 anos | ≥ 50 anos | TOTAL causas |
|---|-------------|--------------|-------------|--------------|
| 6102 Método de traballo inadecuado | 6,5% | 7,4% | 3,7% | 5,7% |
| 8108 Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa | 2,9% | 4,5% | 5,2% | 4,3% |
| 7206 Formación/información inadecuada, inexistente sobre riscos ou medidas preventivas | 3,9% | 2,6% | 1,2% | 2,4% |
| 7208 Non poñer a disposición dos traballadores as prendas ou equipos de protección necesarios ou ser estes inadecuados ou mal mantidos, ou non supervisar a súa correcta utilización | 1,8% | 0,5% | 2,8% | 1,7% |
| 7203 Non execución das medidas preventivas propostas na planificación derivada da avaliación de riscos | 2,9% | 2,1% | 0,0% | 1,6% |
| 8102 Incumprimento de procedementos e instrucións de traballo | 2,9% | 0,8% | 1,5% | 1,6% |
| 1105 Aberturas e ocos desprotexidos | 1,4% | 0,8% | 2,5% | 1,5% |
| 6401 Non poñer a disposición dos traballadores as máquinas, equipos e medios auxiliares necesarios ou adecuados | 1,4% | 2,4% | 0,3% | 1,4% |
| 7102 Inexistencia ou deficiencia dun procedemento que regule a planificación da implantación das medidas preventivas propostas, incluídas as referidas aos plans de seguridade nas Obras de Construción | 0,7% | 2,4% | 0,9% | 1,4% |
| 6299 Outras causas relativas á organización das tarefas | 2,2% | 0,8% | 0,3% | 1,1% |

N Causas: 1.033


❖ Antigüidade no posto de traballo

Analizando os ATM por antigüidade das persoas traballadoras falecidas no posto de traballo (ver gráfica 8), o 37,8% dos accidentes investigados corresponden a traballadores/as que levaban menos de 1 ano no seu posto. O resto prodúcese nos que levaban máis de 5 anos (31,5%) e de 1 a 5 anos (29,3%).

A antigüidade media no posto de traballo das persoas falecidas nos ATM durante o período é de 5,4 anos, sendo a mediana 2 anos.

Nas táboas 11 e 12 preséntanse os datos desagregados dos bloques de causas e causas máis frecuentes identificadas por antigüidade das persoas traballadoras nas que se observan valores superiores ao total de causas do período de estudo (indícanse en “negriña” os que teñen maiores diferenzas).

Gráfica 8. Distribución (%) de ATM investigados por antigüidade das persoas traballadoras no posto de traballo. Período 2005-2017



Táboa 11. Distribución (%) de bloques de causas por antigüidade das persoas traballadoras no posto de traballo. Período 2005-2017

| Bloque causas | Menos de 1 ano | Entre 1 e 5 anos | Máis de 5 anos | TOTAL causas |
|-----------------------------------|----------------|------------------|----------------|--------------|
| Prevención intrínseca | 6,1% | 12,7% | 12,7% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 11,3% | 5,8% | 8,2% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 1,9% | 5,4% | 5,7% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 10,4% | 8,3% | 12,3% | 10,5% |
| Organización do traballo | 33,1% | 30,4% | 26,9% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 20,3% | 17,0% | 16,8% | 18,4% |
| Factores individuais | 14,7% | 18,1% | 14,2% | 15,4% |
| Outras causas | 2,1% | 2,2% | 3,2% | 2,4% |

N Causas: 1033

Táboa 12. Distribución (%) das causas identificadas con maior frecuencia nos ATM por antigüidade das persoas traballadoras no posto. Período 2005-2017


| Causas máis frecuentes | <1 ano | 1 a 5 anos | > 5 anos | TOTAL causas |
|--|-------------|-------------|-------------|--------------|
| 6102 Método de traballo inadecuado | 5,4% | 6,5% | 5,4% | 5,7% |
| 8108 Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa | 3,5% | 7,2% | 2,8% | 4,3% |
| 6101 Método de traballo inexistente | 2,8% | 1,8% | 3,8% | 2,8% |
| 7201 Non identificación dos riscos que materializaron o accidente | 2,4% | 1,8% | 3,5% | 2,6% |
| 8106 Non utilización de equipos de protección individual postos a disposición pola empresa e de uso obrigatorio | 2,1% | 2,5% | 3,2% | 2,6% |
| 7206 Formación/información inadecuada, inexistente sobre riscos ou medidas preventivas | 2,8% | 2,9% | 1,6% | 2,4% |
| 1104 Ausencia/deficiencia de proteccións colectivas fronte a caídas de persoas | 1,4% | 2,5% | 1,9% | 1,9% |
| 7203 Non execución das medidas preventivas propostas na planificación derivada da avaliación de riscos | 2,8% | 0,7% | 0,6% | 1,6% |
| 6401 Non poñer a disposición dos traballadores as máquinas, equipos e medios auxiliares necesarios ou adecuados | 1,9% | 1,4% | 0,6% | 1,4% |
| 1106 Falta de seguridade estrutural ou estabilidade de paramentos, etc. | 0,7% | 0,7% | 2,2% | 1,3% |
| 3199 Outras causas relativas ao deseño, localización, construción, montaxe, mantemento, reparación e limpeza de máquinas | 0,7% | 2,2% | 1,3% | 1,3% |
| 7212 Asignación de tarefa a un traballador con falta de cualificación ou experiencia | 2,4% | 0,4% | 0,6% | 1,3% |
| 1308 Causas relativas aos aspectos meteorolóxicos | 0,5% | 2,5% | 0,6% | 1,1% |

N Causas: 1.033

❖ Tipo de contrato

Atendendo ao tipo de contrato, obsérvase na gráfica 9 que o 46,6% das persoas falecidas tiñan un contrato indefinido e un 46,3% un contrato temporal. Existe un 4,8% de casos dos que non se pode determinar o tipo de contrato porque non son clasificables (persoas traballadoras por conta propia²).


Gráfica 9. Distribución (%) de ATM investigados segundo tipo de contrato das persoas traballadoras falecidas. Período 2005-2017



² Traballadores/as cos seguintes réximes da Seguridade Social: Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou RETA, onde se integra tamén, desde o 1 de xaneiro de 2008, o Réxime Especial Agrario por conta propia; e co Réxime Especial do Mar por conta propia.

Na distribución do tipo de contrato por sector de actividade (ver gráfica abaixo), no sector agrario e da construción os contratos temporais superan aos indefinidos. A situación é contraria no sector servizos, da pesca e a industria, onde os contratos indefinidos son máis frecuentes.

Gráfica 10. Tipo de contrato por sector de actividade do centro de traballo onde se produciu o ATM. Período 2005-2017



Preséntanse a continuación os bloques de causas e causas máis frecuentes identificados por tipo de contrato nos que se observan datos superiores ao total de causas do período de estudo (indícanse en “negriña” nas táboas os que teñen maiores diferenzas).

Nesta análise non se presentan os datos desagregados para os contratos non clasificables pola súa escasa representatividade, ao ter poucos casos rexistrados.

Táboa 13. Distribución (%) de bloques de causas segundo tipo de contrato das persoas traballadoras falecidas. Período 2005-2017

| Bloque causas | Indefinido | Temporal | TOTAL causas |
|-----------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Prevención intrínseca | 13,8% | 7,0% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 7,9% | 10,2% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 4,5% | 2,6% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 10,2% | 10,2% | 10,5% |
| Organización do traballo | 26,2% | 34,8% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 17,2% | 18,9% | 18,4% |
| Factores individuais | 15,8% | 15,3% | 15,4% |
| Outras causas | 4,3% | 0,9% | 2,4% |

N Causas: 1.033

Táboa 14. Distribución (%) das causas identificadas con maior frecuencia segundo tipo de contrato persoas traballadoras falecidas. Período 2005-2017

| Causas máis frecuentes | Indefinido | Temporal | TOTAL causas |
|--|-------------|-------------|--------------|
| 8108 Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa | 4,8% | 4,2% | 4,3% |
| 6101 Método de traballo inexistente | 3,2% | 2,6% | 2,8% |
| 7201 Non identificación dos riscos que materializaron o accidente | 3,4% | 2,3% | 2,6% |
| 7206 Formación/información inadecuada, inexistente sobre riscos ou medidas preventivas | 1,4% | 3,6% | 2,4% |
| 6110 Ausencia de vixilancia, control e dirección de persoa competente | 1,6% | 2,8% | 2,1% |
| 9199 Outras causas | 3,4% | 0,8% | 1,8% |
| 7203 Non execución das medidas preventivas propostas na planificación derivada da avaliación de riscos | 0,5% | 2,6% | 1,6% |
| 6401 Non poñer a disposición dos traballadores as máquinas, equipos e medios auxiliares necesarios ou adecuados | 0,9% | 1,9% | 1,4% |
| 3199 Outras causas relativas ao deseño, localización, construción, montaxe, mantemento, reparación e limpeza de máquinas | 2,0% | 0,8% | 1,3% |
| 7212 Asignación de tarefa a un traballador con falta de cualificación ou experiencia | 0,5% | 1,7% | 1,3% |
| 6303 Instrucións respecto á tarefa confusas, contraditorias ou insuficientes | 1,8% | 0,8% | 1,2% |

N Causas: 1.033

❖ Ocupación da persoa traballadora

Para a análise dos ATM e as causas e bloques de causas dos accidentes por ocupación da persoa traballadora tómase de referencia a Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO).


Neste período están operativas tamén distintas clasificacións de ocupacións, pois a CNO-1994 estivo vixente ata o ano 2010 e a CNO-2011, aprobada polo Real Decreto 1591/2010 de 26 de novembro, substituíu a anterior.

Para homoxeneizar os datos para a análise considérase a última clasificación, a CNO-2011, realizando as correspondencias dos códigos da clasificación anterior, da CNO-1994, á actual.

Na seguinte gráfica recóllense as principais ocupacións onde se rexistran ATM neste período (agrupan o 95,6% dos accidentes). Correspóndense coas seguintes seccións ou grupos da CNO-2011:

- D: Técnicos; profesionais de apoio.
- J: Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro.
- K: Traballadores cualificados da construción, excepto operadores de máquinas.
- L: Traballadores cualificados das industrias manufactureiras, excepto operadores de instalacións e máquinas.
- M: Operadores de instalacións e maquinaria fixas, e montadores.
- N: Condutores e operadores de maquinaria móbil.
- O: Ocupacións militares.
- P: Peóns de agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes.

Gráfica 11. Distribución (%) de ATM investigados por ocupacións máis frecuentes. Período 2005-2017



O 19,9% dos accidentes correspóndense con persoas traballadoras cualificadas da construción, excepto operadores de máquinas. Séguenlle os peóns de agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes (17,9%), as persoas traballadoras cualificadas das industrias manufactureiras, excepto operadores de instalacións e máquinas (17%), as persoas traballadoras do sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro (14,2%) e os condutores e operadores de maquinaria móbil (12,5%).

Nas seguintes táboas recóllense os datos desagregados dos bloques de causas e das causas máis frecuentes identificadas nas principais ocupacións das persoas traballadoras falecidas nas que se observan valores superiores ao total de causas do período de estudo (indícanse en “negriña” os que teñen maiores diferenzas).

Táboa 15. Distribución (%) dos bloques de causas por ocupacións máis frecuentes. Período 2005-2017

| Bloque causas | D | J | K | L | M | N | O | P | TOTAL causas |
|-----------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Prevenção intrínseca | 11,8% | 11,7% | 10,7% | 10,6% | 10,0% | 11,5% | 11,4% | 6,7% | 10,3% |
| Protección ou sinalización | 7,8% | 5,8% | 10,7% | 10,1% | 15,0% | 9,0% | 2,3% | 8,7% | 9,0% |
| Materiais, produtos ou axentes | 0,0% | 10,8% | 0,9% | 2,9% | 7,5% | 3,3% | 6,8% | 3,6% | 4,0% |
| Espazos e superficies de traballo | 17,6% | 6,7% | 16,4% | 8,2% | 5,0% | 9,8% | 13,6% | 8,2% | 10,5% |
| Organización do traballo | 17,6% | 36,7% | 28,5% | 30,8% | 22,5% | 28,7% | 18,2% | 36,4% | 30,1% |
| Xestión da prevención | 21,6% | 11,7% | 20,6% | 21,6% | 17,5% | 16,4% | 20,5% | 16,9% | 18,4% |
| Factores individuais | 17,6% | 12,5% | 11,2% | 15,9% | 22,5% | 18,0% | 25,0% | 15,4% | 15,4% |
| Outras causas | 5,9% | 4,2% | 0,9% | 0,0% | 0,0% | 3,3% | 2,3% | 4,1% | 2,4% |

Gráfica 77. Porcentaxe de ATM non investigados en Galicia segundo o ano no que se produciu. Período 2005-2017

Dos ATM non investigados e que sucederon en Galicia, o 41,9% prodúcese na provincia de A Coruña, seguido de Pontevedra (27,1%), Lugo (18,1%) e Ourense (12,9%).

Gráfica 78. Porcentaxe de ATM non investigados en Galicia segundo provincia galega onde se produciu. Período 2005-2017




5.3. Sexo e idade da persoa traballadora

O 88,8% das persoas traballadoras falecidas nos ATM non investigados no período 2005-2017 son homes e o 11,2% restante mulleres.

Por grupos de idade, o colectivo de 50 ou máis anos é no que se presentan máis ATM non investigados (38,5% dos accidentes), seguíndolle de cerca os de 35 a 49 anos (37,8%). O grupo de menos de 35 anos representa o 23,6% dos accidentes.

A idade media das persoas traballadoras falecidas é de 44,3 anos, sendo a mediana os 46 anos.

Gráfica 79. Distribución (%) de ATM non investigados por idade das persoas traballadoras. Período 2005-2017




5.4. Sector do centro de traballo


No período temporal 2005-2017, o 49,2% dos ATM non investigados rexistrados foi no sector servizos, seguido da construción (20,5%), da industria (19,4%), pesca (7,5%) e agrario (3,3%). Recóllese na gráfica 81 os motivos de non investigarse por sector de actividade.

A continuación, a gráfica 82 amosa os sectores dos ATM non investigados para cada un dos anos da serie estudada. Obsérvase que o sector servizos é o que engloba o maior número dos accidentes non investigados en cada ano.


Gráfica 80. Distribución (%) de ATM non investigados por sector de actividade do centro traballo. Período 2005-2017



Gráfica 81. Porcentaxe de ATM non investigados en Galicia por sector de actividade do centro traballo e motivo de non investigarse. Período 2005-2017



Gráfica 82. Porcentaxe de ATM non investigados en Galicia por sector de actividade do centro traballo e ano. Período 2005-2017



CONCLUSIÓN |

6. Conclusións

Este estudo avaliou os datos rexistrados dos accidentes de traballo mortais (ATM) investigados e non investigados na Comunidade Autónoma de Galicia, facendo unha análise agregada para o período 2005-2017 e desagregada para tres períodos temporais (no caso dos ATM investigados): 2005-2007, 2008-2012 e 2013-2017.

A continuación preséntanse as principais conclusións obtidas.


- **Número de ATM rexistrados en Galicia no período 2005-2017**

No período 2005-2017 rexístranse en Galicia **923 accidentes de traballo mortais (ATM)**: 352 de ATM investigados (que representan o 38,1% do total de ATM), fronte os 571 de ATM non investigados (61,9%), como se recolle na táboa resumo 109 da páxina seguinte.

Destes últimos, o 81,4% (465 accidentes) aconteceron en Galicia e o 18,6% restante fóra da Comunidade Autónoma (noutra comunidade ou no estranxeiro). Ademais, o 94,7% son ATM non investigados propios (de empresas galegas, se produciran ou non en Galicia) e o 5,3% non propios (de empresas de fóra de Galicia pero que aconteceron na comunidade).

Dos rexistrados en Galicia, o 39,2% dos **ATM investigados** prodúcese na provincia de A Coruña, seguido de Pontevedra (34,9%), Lugo (18,2%) e Ourense (7,7%), fronte aos **ATM non investigados** que se producen na provincia de A Coruña (41,9%), Pontevedra (27,1%), Lugo (18,1%) e Ourense (12,9%).

Gráfica 83. Porcentaxe de ATM segundo provincia galega. Período 2005-2017



Por ano, no caso dos **ATM investigados** destacan sobre todo os anos 2005 e 2008 con 48 e 45 accidentes mortais respectivamente, mentres que no ano 2011 redúcese a 11 casos. Nos anos posteriores mantense o número por debaixo de 20, para situarse nos últimos tres anos entre os 23-25 falecidos.

Respecto aos **ATM non investigados**, o número de accidentes está por riba dos 40 casos ata o ano 2011, a partir do que o número de accidentes redúcese por debaixo desta cifra, agás nos anos 2015 e 2016 que subiron a 44 e 45 casos respectivamente. No ano 2017 rexístranse, sen embargo, 26 accidentes mortais non investigados.

Táboa 109. Número de ATM investigados e non investigados en Galicia por ano. Período 2005-2017

| Ano | ATM investigados | ATM non investigados | TOTAL ATM | % accidentes investigados sobre o Total ATM | % accidentes non investigados sobre o Total ATM |
|--------------------------------|------------------|----------------------|------------|---|---|
| 2005 | 48 | 59 | 107 | 44,9% | 55,1% |
| 2006 | 27 | 64 | 91 | 29,7% | 70,3% |
| 2007 | 33 | 44 | 77 | 42,9% | 57,1% |
| 2008 | 45 | 55 | 100 | 45,0% | 55,0% |
| 2009 | 35 | 50 | 85 | 41,2% | 58,8% |
| 2010 | 31 | 49 | 80 | 38,8% | 61,3% |
| 2011 | 11 | 31 | 42 | 26,2% | 73,8% |
| 2012 | 19 | 31 | 50 | 38,0% | 62,0% |
| 2013 | 19 | 35 | 54 | 35,2% | 64,8% |
| 2014 | 14 | 38 | 52 | 26,9% | 73,1% |
| 2015 | 23 | 44 | 67 | 34,3% | 65,7% |
| 2016 | 22 | 45 | 67 | 32,8% | 67,2% |
| 2017 | 25 | 26 | 51 | 49,0% | 51,0% |
| TOTAL período 2005-2017 | 352 | 571 | 923 | 38,1% | 61,9% |

- **Motivos de non investigarse os ATM**

O 43,3% dos ATM non investigados na comunidade galega no período 2005-2017 é por tratarse de accidentes de tráfico, o 30,5% por producirse como consecuencia de patoloxías non traumáticas da persoa traballadora e o 23,3% por accidentes cuxa investigación está fóra das competencias do persoal técnico do ISSGA (sendo investigados por outras entidades ou organismos).

- **Causas e bloques de causas dos ATM investigados**

Identifícanse **1.033 causas** nos 352 accidentes de traballo investigados en Galicia no período 2005-2017. Atópanse 1,7% de accidentes nos que se identifican dez causas.

As causas que foron identificadas con maior frecuencia son: “6102. Método de traballo inadecuado” (5,7%), presente no 16,8% dos accidentes, e “8108. Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa” (4,3%), identificada no 12,5% dos ATM.

Atendendo aos bloques de causas, destacan “Organización do traballo” (co 30,1% do total de causas identificadas e presente no 88,4% dos ATM), “Xestión da prevención” (18,4% do total de causas e presente no 54% dos ATM) e “Factores individuais” (15,4% do total de causas e responsables do 45,2% dos accidentes).

Detéctase no período 2013-2017 un incremento importante, respecto ao período anterior 2008-2012, dos ATM producidos por causas do bloque “Organización do traballo”. Así, mentres no período 2008-2012, coincidindo co fin da crise económica acontecida no país, este bloque representa o 23,1% do total de causas identificadas e as súas causas están presentes no 58,2% dos ATM, no período 2013-2017 representa o 35,9% e as súas causas están presentes no 129,1% dos ATM.

- **ATM rexistrados por sector e actividade económica do centro de traballo onde se produciu o accidente**

O 35,2% dos **ATM investigados** no período 2005-2017 foi no sector de construción, seguido de industria (22,7%), servizos (18,5%), pesca (12,5%) e agrario (10,2%).


En todos os sectores o bloque “Organización do traballo” é o que ten maior presenza, sobre todo no sector agrario (37,4% das causas dos ATM investigados neste sector son deste bloque).

Atendendo ás actividades económicas nas que se concentran os ATM investigados, ademais das actividades da construción (35,2%), destacan as actividades de agricultura, gandería, silvicultura e pesca (22,7%).

No caso dos **ATM non investigados**, o 49,2% dos ATM foi no sector servizos, seguido da construción (20,5%), da industria (19,4%), pesca

(7,5%) e agrario (3,3%). En todos os sectores, agás na pesca, o principal motivo de non investigarse os ATM é por tratarse de accidentes de tráfico (dependendo do sector, entre o 42% e o 52% dos ATM non investigados son por este motivo). No sector da pesca, pola contra, o 51,2% dos accidentes non investigados foi por estar fóra das competencias do equipo técnico do ISSGA.

Gráfica 84. Porcentaxe de ATM por sector de actividade do centro traballo onde se produciu o accidente. Período 2005-2017



- **Descrición das persoas accidentadas: sexo, idade e nacionalidade**

O 97,7% das persoas traballadoras falecidas nos **ATM investigados** no período 2005-2017 son homes e o 7,7% persoas estranxeiras, sendo a idade media os 43 anos.

Nos homes e nas persoas traballadoras españolas, as causas e os bloques de causas seguen a mesma proporcionalidade que os datos totais. Sen embargo, no caso dos estranxeiros destaca o valor do bloque “Factores

individuais” en relación ao dato no total de causas (21% fronte ao 15,4% deste bloque no total). O idioma soe ser unha das limitacións que afrontan as empresas para a xestión da PRL cando contan con persoas traballadoras estranxeiras no cadro de persoal.

Por idade, o bloque de causas con maior presenza é o bloque “Organización do espazo e a tarefa”, sobre todo no colectivo de menos de 35 anos (44,9% das causas dos ATM nos que faleceron traballadores/as desta idade son deste bloque) fronte aos de 50 ou máis anos (29,3%). Tamén no grupo de menos idade é destacable os “Factores individuais” (13,5%). Nos de 50 ou máis anos é salientable o de “Prevención intrínseca” (12,7%) e “Espazos e superficies de traballo” (12,1%).

Pola súa parte, nos **ATM non investigados** o 88,8% das persoas traballadoras falecidas son homes, sendo a idade media os 44,3 anos.

- **Outras variables relacionadas coas persoas accidentadas nos ATM investigados**

O 19,9% das persoas traballadoras falecidas no período temporal 2005-2017 son de subcontratas e o 5,7% non realizaban o seu traballo habitual no momento do accidente.

Atendendo a antigüidade no posto da persoa traballadora, o 37,8% levaban menos de 1 ano no seu posto, o 31,5% máis de 5 anos e o 29,3% de 1 a 5 anos, sendo a antigüidade media 5,4 anos.

Por tipo de contrato, o 46,6% das persoas falecidas tiñan un contrato indefinido e un 46,3% un contrato temporal. Mentres no sector agrario e da construción os contratos temporais superan aos indefinidos, a situación é contraria no sector servizos, da pesca e a industria.

Destacan como principais ocupacións nas que se produciron os ATM investigados: persoas traballadoras cualificadas da construción, excepto operadores de máquinas (19,9%); os peóns de agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes (17,9%) e as persoas traballadoras cualificadas das industrias manufactureiras, excepto operadores de instalacións e máquinas (17%).

- **Variables relacionadas coa empresa nos ATM investigados**

Tendo en conta o volume do cadro de persoal dos centros de traballo onde se produciu o accidente, o 51,7% dos ATM investigados en Galicia no período 2005-2017 prodúcese principalmente nas micropemes (1 a 9 traballadores/as).

Mentres que nas micropemes destacan os bloques de causas “Espazos e superficies de traballo” (11,9%), “Organización do traballo” (31,7%) e “Factores individuais” (17,1%), con valores por riba dos datos no total de causas (10,5%, 30,1% e 15,4% respectivamente), no caso dos centros de traballo de maior tamaño son salientables “Prevención intrínseca” (con datos por riba do 11% fronte ao 10,3% no total de causas) e “Xestión da prevención” (con datos superiores ao 20% fronte ao 18,4% do total d).

Nos centros de 10 a 49 traballadores/as destacan tamén “Protección ou sinalización” (10,1% fronte ao 9%) e nos de 50 ou máis traballadores/as o bloque “Materiais, produtos ou axentes” (6,3% fronte o 4%).

- **Variables descriptivas do accidente nos ATM investigados**

Rexístranse cinco accidentes múltiples no período 205-2017 e o 26,4% dos ATM prodúcense noutro centro de traballo que non é o habitual.

O 29,0% dos accidentes investigados localízanse en zonas industriais e o 28,7% en obra, construción, canteira ou mina a ceo aberto.

Os principais traballos nos que se concentran os accidentes son “Movemento de terras, construción, demolición” (25%), “Labores agrícolas, forestais, gandeiras e/ou piscícolas” (23,6%) e “Tarefas de instalación, mantemento, limpeza, xestión de residuos e vixilancia” (23%).

En cando as desviacións ou situacións máis frecuentes que ocasionaron o dano, o 26,4% dos ATM investigados producíronse por “Rotura, estoupido, escorredura, caída, derrubamento de axente material”, seguido pola “Caída de persoas -Esvarón ou tropecón por caída” (23,6%).

Atendendo ao tipo de forma ou contacto que produciron os ATM, o 25,6% prodúcense por “Golpe contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento” e o 24,7% por “Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación.

- **Actividade preventiva**


O Servizo de Prevención Alleo (SPA) é a principal modalidade preventiva escollida polas empresas (81,3%) no período 2005-2017, fronte a outras modalidades. Identifícase un 4,0% de empresas que non teñen implantada ningunha modalidade preventiva para xestionar a PRL.

No 73,6% dos ATM investigados neste período realizouse na empresa a avaliación de riscos laborais, destacando os anos 2009 e 2011 con datos por riba do 90%.

Atendendo ao cumprimento das etapas do proceso preventivo, soamente o 6,3% das empresas completan todas as fases aplicando as medidas preventivas definidas para os riscos causantes dos ATM (da 1ª a 4ª etapa).

Destacan os resultados do período 2013-2017, con datos por riba do resto de períodos. Nos outros dous períodos, con valores por debaixo da media do período agregado 2005-2017, aparecen anos nos que ningunha empresa nas que se rexistraron ATM completou o proceso preventivo aplicando as medidas preventivas que foron definidas para os riscos detectados (anos 2006, 2007, 2011, 2012).

Gráfica 85. Cumprimento das fases do proceso preventivo nos ATM investigados nos períodos de estudo



ANEXOS |

7. Anexos

7.1. Código de causas e bloques 2005

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2005 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-1 | 1.1.00.01. | Defectos de estabilidade en equipos, máquinas ou os seus compoñentes |
| B-1 | 1.1.00.02. | Ausencia/deficiencia de proteccións colectivas fronte a caídas de persoas |
| B-1 | 1.1.00.03. | Ausencia/deficiencia de proteccións antienvorco en máquinas automotrices (ROPS) |
| B-1 | 1.1.00.04. | Defectos ou ausencia no sistema de dirección da máquina automotriz, no mecanismo de embrague, no sistema de cambio de velocidades ou no sistema de freos |
| B-1 | 1.1.00.08. | Fallos no sistema pneumático ou hidráulico |
| B-1 | 1.1.00.10. | Ausencia/deficiencia de cabina de protección contra caída de obxectos (ROPS) |
| B-1 | 1.1.00.11. | Visibilidade insuficiente no posto de conducción da máquina |
| B-1 | 1.1.00.12. | Deficiencia no dispositivo de enganche/desenganche entre máquinas |
| B-1 | 1.1.00.13. | Inestabilidade en almacenamento de materiais: por amontoado ou por inexistencia ou insuficiencia de elementos de sustentación |
| B-1 | 1.1.00.14. | Deficiencias nos medios de elevación |
| B-1 | 1.1.01.01. | Resistencia mecánica insuficiente |
| B-1 | 1.1.01.02. | Deseño incorrecto fronte a presión interna ou temperatura ou agresión química |
| B-1 | 1.1.01.04. | Xeración atmosferas perigosas por ventilación (natural ou forzada) inexistente, insuficiente ou ineficaz |
| B-1 | 1.1.01.05. | Focos de ignición non controlados (por causa mecánica, eléctrica, térmica ou química) |
| B-1 | 1.1.01.08. | Ausencia de vías de evacuación ou insuficientes en número, mal dimensionadas ou incorrectamente distribuídas |
| B-1 | 1.1.02.02. | Órganos perigosos accesibles (atrapantes, cortantes, punzantes...) |
| B-1 | 1.1.02.03. | Sistemas de mando inseguro (incorrecto deseño, posibilitan arranques intempestivos, imposibilitan a detección de partes móbiles, variación incontrolada de velocidade, etc.) |
| B-1 | 1.1.02.04. | Inexistencia de instalación antiexplosiva en atmosferas potencialmente explosivas |
| B-1 | 1.1.02.05. | Ausencia de alarmas (posta en marcha de máquinas perigosas ou marcha atrás de vehículos, etc.) |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2005 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-1 | 1.1.03.01. | Accesibilidade ou falta de medios de illamento a zonas nas que pode haber substancias perigosas por perdas, fugas, etc., ou a zonas extremadamente quentes/frías |
| B-1 | 1.1.03.04. | Deficiencia dos medios de acceso ao posto de traballo ou de condución da máquina |
| B-1 | 1.1.03.07. | Dificultade para efectuar un adecuado mantemento ou regraxe (accesibilidade a partes internas, dificultade de manipulación, dificultade de supervisión, ausencia de medios de diagnóstico) |
| B-1 | 1.1.03.08. | Non respectar os principios da ergonomía |
| B-1 | 1.1.03.09. | Non mecanización ou automatización das operacións de carga/descarga |
| B-1 | 1.1.03.10. | Corte non debidamente previsto de subministración enerxética ou de servizos (auga, electricidade, aire comprimido, gases etc.) |
| B-1 | 1.1.03.11. | Ausencia/deficiencia de elementos de montaxe |
| B-1 | 1.1.04.01. | No uso de moi baixa tensión de funcionamento (compatible co MBTS/MBTP/MBTF, REBT MI BT 029) |
| B-1 | 1.1.04.03. | Ausencia de dispositivos de corte omnipolar |
| B-1 | 1.1.04.04. | Defectos no deseño, construción, montaxe ou localización de celas de alta tensión, transformadores ou aparatos |
| B-1 | 1.1.04.05. | Xeración ou acumulación de cargas electrostáticas |
| B-1 | 1.1.04.99. | Outros defectos da instalación eléctrica |
| B-1 | 1.1.05.01. | Inexistencia, insuficiencia ou ineficacia de sectorización de áreas de risco |
| B-1 | 1.1.05.02. | Sistemas de detección de incendios-transmisión de alarma inexistentes, insuficientes ou ineficientes |
| B-1 | 1.1.05.03. | Almacenamento de produtos inflamables (p.i.<55º c) en coexistencia con focos de ignición de distinta etioloxía (eléctricos, térmicos, mecánicos...) |
| B-1 | 1.1.05.99. | Outros defectos da prevención e protección contra incendios |
| B-1 | 1.1.99.99. | Outras causas debidas a defectos de deseño, construción, montaxe e mantemento en instalacións, máquinas, equipos, útiles e ferramentas |
| B-2 | 1.2.00.01. | Ausencia/deficiencia de medios técnicos para a consignación da máquina ou da instalación |
| B-2 | 1.2.00.02. | Paro de emerxencia inexistente, ineficaz ou non accesible |
| B-2 | 1.2.00.03. | Ausencia ou deficiencia de resgardos e de dispositivos de protección (nota: o fallo pode consistir na inexistencia de resgardos ou de dispositivos de protección, na súa mala instalación, na non aplicación do principio de acción mecánica positiva, na súa aplicación en lugar doutros máis adecuados ao risco que se pretende reducir, nas súas deficientes características técnicas |
| B-2 | 1.2.00.04. | Ausencia/deficiencia de dispositivos que eviten que os traballadores non autorizados utilicen os equipos de traballo |
| B-2 | 1.2.00.05. | Ausencia ou deficiencia de dispositivos que manteñan ao traballador sobre o asento de condución |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2005 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-2 | 1.2.01.01. | Existencia de elementos en tensión accesibles |
| B-2 | 1.2.01.02. | Deficiencias de illamento ou inadecuado grao de protección (IP) en condutores, tomas de corrente, aparellos ou conexións eléctricas defectuosas |
| B-2 | 1.2.01.04. | Ausencia ou non funcionamento de elementos constituíntes do sistema de prevención contra contactos indirectos (interruptores diferenciais por ser inadecuados ou ser "ponteados", posta a terra, etc.) |
| B-2 | 1.2.01.06. | Dispositivos encravamento violados (<i>ponteados</i> , anulados, etc.) |
| B-2 | 1.2.01.07. | Ausencia de protección contra sobre-intensidade, sobrecarga e cortocircuíto |
| B-2 | 1.2.02.01. | Inexistencia, insuficiencia ou ineficacia de medios de extinción |
| B-2 | 1.2.02.02. | Ausencia/deficiencia de elementos para evitar o risco de explosión |
| B-2 | 1.2.99.99. | Outras deficiencias ou ausencias dos elementos ou dispositivos de protección |
| B-2 | 1.3.01.01. | Deficiencia/ausencia de sinalización ou outro tipo de elementos necesarios para a delimitación da zona de traballo (ex.: Manobras ou traballos próximos a instalacións de a. t., área de obra, movementos de vehículos, etc.) |
| B-2 | 1.3.01.03. | Condicións de fluídos carentes de sinalización ou incorrectamente sinalizados (inflamables, tóxicos, corrosivos, etc.) |
| B-2 | 1.3.01.04. | Vías de evacuación non sinalizadas ou sinalizadas de forma insuficiente ou incorrecta |
| B-2 | 1.3.01.05. | Deficiencia/ausencia de sinalización visual ou acústica obrigatoria ou necesaria, incluíndo a utilización dun idioma incompreensible para o traballador |
| B-2 | 1.3.01.06. | Inexistencia ou difícil percepción de sinais visuais (carteis indicadores) da carga máxima permitida por bandexa e módulo en andeis de almacenamento |
| B-2 | 1.3.02.01. | Deficiencia/ausencia do manual de instrucións (nota: o fallo pode consistir na inexistencia do manual de instrucións ou na insuficiente ou incompreensible información contida nel ou na utilización dun idioma incompreensible para o traballador |
| B-2 | 1.3.03.01. | Deficiencia/ausencia de sinalización de "prohibido manobra" en interruptores, en caso de traballos a efectuar sen tensión |
| B-2 | 1.3.03.02. | Defectos ou insuficiencias na identificación de condutores activos e de protección |
| B-2 | 1.3.03.99. | Outras deficiencias/ausencias na sinalización relativa á instalación eléctrica |
| B-2 | 1.3.04.01. | Medios de loita contra incendios non sinalizados ou sinalizados incorrectamente (botóns de alarma, extintores, BIE...) |
| B-2 | 1.3.04.99. | Outras deficiencias/ausencias na sinalización relativa a prevención e protección contra incendios |
| B-2 | 1.3.99.99. | Outras deficiencias ou ausencias na sinalización e información |
| B-2 | 1.9.00.01. | Equipos de traballo ou instalacións en mal estado |
| B-2 | 1.9.99.99. | Outros factores ligados a instalacións e equipos |
| B-3 | 2.1.00.01. | Inhalación, ingestión ou contacto con produtos químicos utilizados no posto de traballo |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2005 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|---|
| B-3 | 2.1.00.04. | Substancia comburente |
| B-3 | 2.1.00.05. | Substancia inflamable ou explosiva |
| B-3 | 2.1.01.02. | Materiais moi pesados, voluminosos, de gran superficie, ou con arestas/perfiles cortantes, en relación cos medios utilizados no seu manexo |
| B-3 | 2.1.01.06. | Causas debidas á forma de empacotado/ paletizado/ amoreamento |
| B-3 | 2.1.02.99. | Causas debidas a defectos nos materiais utilizados |
| B-3 | 2.1.03.01. | Substancias capaces de producir reaccións perigosas (exotérmicas, tóxicas) |
| B-3 | 2.1.03.99. | Outras causas debidas a incompatibilidade de substancias manipuladas ou almacenadas |
| B-3 | 2.1.99.99. | Outros factores inherentes aos materiais ou as substancias compoñentes de materias primas e produtos |
| B-3 | 3.1.01.99. | Causas relativas ao nivel de ruído ambiental |
| B-3 | 3.1.02.99. | Causas relativas a vibracións |
| B-3 | 3.1.03.99. | Causas relativas a radiacións |
| B-3 | 3.1.04.99. | Causas relativas á iluminación |
| B-3 | 3.1.05.99. | Causas relativas á temperatura e condicións termo higrométricas |
| B-3 | 3.1.06.99. | Ausencia/deficiencia de proteccións para evitar a xeración e propagación de axentes físicos |
| B-3 | 3.1.99.99. | Causas relativas a outros axentes físicos |
| B-3 | 3.2.00.01. | Presenza de contaminantes químicos no ambiente (tóxicos, irritantes, inflamables, etc.) sexa cal fora o estado en que se atopan (pos, vapores, gases, etc.), cuxo control ou eliminación non está garantida |
| B-3 | 3.2.00.02. | Fugas ou derrames de produtos químicos |
| B-3 | 3.2.00.03. | Atmosfera potencialmente inflamable ou explosiva |
| B-3 | 3.2.99.99. | Outras causas relativas a axentes químicos |
| B-3 | 3.3.00.01. | Contacto ou presenza de animais |
| B-3 | 3.3.00.04. | Axentes biolóxicos ou seres vivos susceptibles de orixinar calquera tipo de infección, alerxia ou toxicidade |
| B-3 | 3.3.01.99. | Ausencia/deficiencia de proteccións para evitar a xeración e propagación de axentes biolóxicos |
| B-3 | 3.3.99.99. | Outras causas relativas a axentes biolóxicos ou seres vivos |
| B-4 | 3.4.00.01. | Aberturas e ocos desprotexidos |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2005 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-4 | 3.4.00.02. | Ausencia de medios para drenaxe de líquidos |
| B-4 | 3.4.00.03. | Falta de orde e limpeza |
| B-4 | 3.4.01.01. | Espazo insuficiente |
| B-4 | 3.4.01.02. | Falta de seguridade estrutural ou estabilidade de paramentos, etc. |
| B-4 | 3.4.01.03. | Non delimitación de zonas de traballo, tránsito e almacenamento |
| B-4 | 3.4.01.04. | Falta/deficiencia de entibación en gabias ou noiros inadecuados |
| B-4 | 3.4.02.01. | Dificultade/deficiencia no acceso ao posto de traballo |
| B-4 | 3.4.02.02. | Escaleiras fixas inseguras ou en mal estado |
| B-4 | 3.4.02.03. | Vías de evacuación obstruídas por obxectos ou mobles depositados no seu percorrido ou en deficiente estado de mantemento |
| B-4 | 3.4.03.01. | Inexistencia ou deficiencias nas plataformas de traballo (ausencia de rodapés, etc.) |
| B-4 | 3.4.03.02. | Pavimento deficiente ou inadecuado (descontinuo, esvaradío, etc.) |
| B-4 | 3.4.03.03. | Deficiente deseño ergonómico do posto ou da tarefa |
| B-4 | 3.4.03.04. | Ausencia de sinalización de límite de sobrecarga de uso das superficies de traballo |
| B-4 | 3.4.99.99. | Outros factores relacionados co espazo, accesos e superficies de traballo ou de paso |
| B-4 | 3.9.99.99. | Outros factores relativos ao ambiente e lugar de traballo |
| B-5 | 4.1.00.01. | Inhabitual para o operario que a realiza |
| B-5 | 4.1.00.03. | Operación destinada a evitar avarías ou incidentes ou a recuperar incidentes |
| B-5 | 4.1.00.04. | Operación extraordinaria realizada en caso de incidentes, accidentes ou emerxencia |
| B-5 | 4.1.99.99. | Outros factores relativos ao carácter extraordinario da tarefa |
| B-5 | 4.2.00.01. | Utilización da máquina para usos non previstos polo fabricante etc. |
| B-5 | 4.2.00.02. | Utilización de ferramentas para usos non previstos polo fabricante etc. |
| B-5 | 4.2.00.03. | Utilización do material para usos non previstos polo fabricante, etc. |
| B-5 | 4.2.00.05. | Non poñer a disposición dos traballadores as máquinas, equipos e medios auxiliares necesarios |
| B-5 | 4.2.99.99. | Outros factores relativos ao uso indebido en relación coa tarefa de equipos de traballo, materiais ou medios auxiliares |
| B-5 | 4.3.00.02. | Coactividade de dous ou máis operarios na mesma máquina, tarefa ou posto de traballo |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2005 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|---|
| B-5 | 4.3.00.03. | Présa de tempo ou ritmo de traballo elevado |
| B-5 | 4.3.00.04. | Tarefa monótona ou rutineira |
| B-5 | 4.3.00.05. | Traballos solitarios |
| B-5 | 4.3.00.06. | Sobrecarga da máquina ou equipo (respecto a as súas características técnicas) |
| B-5 | 4.3.00.08. | Sobrecarga traballador (fatiga física ou mental) |
| B-5 | 4.3.00.09. | Non comprobación do estado dos equipos ou medios auxiliares antes da súa utilización |
| B-5 | 4.3.99.99. | Outros fallos na organización da tarefa |
| B-5 | 4.4.00.01. | Existencia de interferencias entre distintos postos de traballo ou actividades |
| B-5 | 4.4.00.02. | Deficiencias no sistema de comunicación a nivel horizontal ou vertical |
| B-5 | 4.4.00.03. | Falta de cualificación ou experiencia para a tarefa realizada |
| B-5 | 4.4.00.04. | Instrucións inexistentes, confusas, contraditorias ou insuficientes |
| B-5 | 4.4.00.05. | Sistema inadecuado de asignación de tarefas |
| B-5 | 4.4.00.06. | Método de traballo inexistente ou inadecuado |
| B-5 | 4.4.00.07. | Formación/información inadecuada, inexistente sobre riscos ou medidas preventivas |
| B-5 | 4.4.99.99. | Outros defectos na organización do traballo |
| B-6 | 4.5.00.01. | Mantemento preventivo inexistente ou inadecuado ou falta de revisións periódicas oficiais |
| B-6 | 4.5.00.02. | Fallo ou inexistencia de actividades dirixidas á detección e avaliación de riscos, incluídas as referidas aos estudos requiridos nas Obras de Construción |
| B-6 | 4.5.00.04. | Non poñer a disposición dos traballadores as pezas ou equipos de protección necesarios ou ser estes inadecuados |
| B-6 | 4.5.00.05. | Inadecuada política de compras desde o punto de vista da prevención |
| B-6 | 4.5.00.06. | Deficiencia ou inexistencia de etiquetaxe nos produtos perigosos utilizados |
| B-6 | 4.5.00.07. | Ausencias de permisos de traballo en intervencións perigosas (ex.: Soldaduras en zonas de risco de incendio, etc.) |
| B-6 | 4.5.00.08. | Inexistencia ou inadecuación de plan ou medidas de emerxencia |
| B-6 | 4.5.01.01. | Non identificación do/os riscos que materializaron o accidente |
| B-6 | 4.5.01.02. | Non ter en conta as características dos traballadores de especial sensibilidade |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2005 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-6 | 4.5.01.03. | Medidas preventivas propostas na avaliación de riscos insuficientes ou inadecuadas, incluídas as referidas ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo en Obras de Construción |
| B-6 | 4.5.01.04. | Inexistencia ou insuficiencia na programación e execución das medidas preventivas propostas |
| B-6 | 4.5.01.05. | Procedementos inexistentes, insuficientes ou deficientes para a coordinación de actividades realizadas por unha ou varias empresas |
| B-6 | 4.5.01.06. | Procedementos inexistentes ou insuficientes para formar ou informar os traballadores dos riscos e as medidas preventivas |
| B-6 | 4.5.01.07. | Falta de presenza dos recursos preventivos requiridos |
| B-6 | 4.5.99.99. | Outros defectos na xestión da prevención |
| B-7 | 5.1.00.03. | Incumprimento de procedementos e instrucións de traballo |
| B-7 | 5.1.00.04. | Retirada ou anulación de proteccións ou dispositivos de seguridade críticos |
| B-7 | 5.1.00.05. | Non utilización de equipos de protección individual postos a disposición pola empresa e de uso obrigatorio |
| B-7 | 5.1.00.06. | Falta de cualificación e/ou experiencia para a tarefa realizada |
| B-7 | 5.1.00.07. | Realización doutros actos inseguros |
| B-7 | 5.1.00.08. | Permanencia do traballador dentro dunha zona perigosa |
| B-7 | 5.9.99.99. | Outros factores individuais |
| B-8 | 8.9.99.99. | Feito non causal |
| B-8 | 9.9.99.99. | Outros factores non especificados anteriormente |

7.2. Código de causas e bloques 2008

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2008 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| | G.1 | CONDICIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO |
| | 11 | CONFIGURACIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO |
| B-4 | 1101 | Deficiente deseño ergonómico do posto de traballo. |
| B-4 | 1102 | Superficies de traballo habitualmente inestables, incluídos barcos. |
| B-4 | 1103 | Espazo insuficiente en lugares de traballo ou nas zonas de tránsito |
| B-4 | 1104 | Ausencia/deficiencia de proteccións colectivas fronte a caídas de persoas |
| B-4 | 1105 | Aberturas e ocos desprotexidos |
| B-4 | 1106 | Falta de seguridade estrutural ou estabilidade de paramentos, etc. |
| B-4 | 1107 | Ausencia de sinalización de límite de sobrecarga de uso das superficies de traballo |
| B-4 | 1108 | Falta/deficiencia de entibación ou noiros inadecuados |
| B-4 | 1109 | Dificultade/deficiencia no acceso ao posto de traballo. |
| B-4 | 1110 | Pavimento deficiente ou inadecuado (descontinuo, escorregadizo, inestable, con pendente excesiva, etc.) |
| B-4 | 1111 | Escaleiras fixas, de servizo ou escala inseguras por falta de anchura, chanzo desigual, pegada insuficiente etc., ou en mal estado. |
| B-2 | 1112 | Vías de evacuación ou saída non sinalizadas ou sinalizadas de forma insuficiente ou incorrecta |
| B-1 | 1113 | Ausencia de vías de evacuación ou insuficientes en número, mal dimensionadas, obstruídas ou incorrectamente distribuída |
| B-1 | 1114 | Inexistencia, insuficiencia ou ineficacia de sectorización ou illamento de áreas de riscos, como por exemplo zonificación de atmosferas explosivas, espazos confinados, zonas extremadamente quentes ou frías, etc. |
| B-2 | 1115 | Deficiencia/ausencia de sinalización ou outro tipo de elementos necesarios para a delimitación da zona de traballo (ex.: Manobras ou traballos próximos a instalacións de a.t., área de obra, movementos de vehículos, etc.) |
| B-1 | 1116 | Vías de circulación deficientes (insuficientes, mal dimensionadas ou faltas de separación entre elas) |
| B-1 | 1117 | Deseño incorrecto de ventás (sistema de peche inseguro, falta previsión situacións de limpeza e mantemento) |
| B-1 | 1118 | Deseño incorrecto de portas e pontóns (sistema de peche inseguro, sen parada de emerxencia, falta previsión situacións de limpeza e mantemento) |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2008 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-4 | 1199 | Outras causas relativas á configuración dos espazos de traballo |
| | 12 | ORDE E LIMPEZA |
| B-4 | 1201 | Orde e limpeza deficientes |
| B-4 | 1202 | Ausencia ou deficiencia de medios para drenaxe de líquidos. |
| B-4 | 1203 | Non delimitación entre as zonas de traballo ou tránsito e as de almacenamento ou non respectar as zonas establecidas |
| B-4 | 1299 | Outras causas relativas á orde e limpeza |
| | 13 | AXENTES FÍSICOS NO AMBIENTE |
| B-3 | 1301 | Causas relativas ao nivel de ruído ambiental |
| B-3 | 1302 | Causas relativas a vibracións |
| B-3 | 1303 | Causas relativas a radiacións ionizantes |
| B-3 | 1304 | Causas relativas a radiacións non ionizantes |
| B-3 | 1305 | Iluminación insuficiente ou inapropiada |
| B-3 | 1306 | Cegamentos |
| B-3 | 1307 | Causas relativas á temperatura e condicións termo higrométricas |
| B-3 | 1308 | Causas relativas aos aspectos meteorolóxicos |
| B-3 | 1309 | Ausencia/deficiencia de proteccións para evitar a xeración e propagación de axentes físicos |
| B-3 | 1399 | Outras causas relativas aos axentes físicos no ambiente |
| B-4 | 1999 | Outras causas relativas ás condicións dos espazos de traballo |
| | G.2 | INSTALACIÓNS DE SERVIZO OU PROTECCIÓN |
| | 21 | DESEÑO, CONSTRUCCIÓN, LOCALIZACIÓN, MONTAXE, MANTEMENTO, REPARACIÓN E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS DE SERVIZO OU PROTECCIÓN |
| B-1 | 2101 | Corte non debidamente previsto de subministro enerxético ou de servizos (auga, electricidade, aire comprimido, gases etc.) |
| B-1 | 2102 | Non uso de moi baixa tensión de funcionamento (compatible co MI BT 036) estando establecido o seu uso obrigatorio |
| B-1 | 2103 | Defectos no deseño, construción, montaxe, mantemento ou uso de instalacións eléctricas (localización de celdas de alta tensión, transformadores, aparataxe ou instalacións de baixa tensión) |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2008 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|---|
| B-1 | 2104 | Ausencia/deficiencia de sistemas para evitar a xeración de electricidade estática |
| B-1 | 2105 | Sistemas de detección de incendios-transmisión de alarma inexistentes, insuficientes ou ineficaces |
| B-1 | 2106 | Almacenamento de Substancias e/ou Preparados inflamables ("Clasificados como Clases A e B na MIE-APQ 1") en coexistencia con focos de ignición de distinta etiología (eléctricos, térmicos, mecánicos...), sen o control preciso. |
| B-1 | 2107 | Inexistencia de instalación anti-explosiva en atmosferas potencialmente explosivas (aplicable a equipos eléctricos, instrumentos pneumáticos e hidráulicos). |
| B-1 | 2108 | Dificultade para efectuar un adecuado mantemento ou limpeza de instalacións de servizo ou protección |
| B-2 | 2109 | Instalación de servizo ou protección en mal estado-por outra causa |
| B-1 | 2110 | Ausencia de cubeto de retención dunha Instalación de Almacenamento de Produtos Químicos |
| B-1 | 2111 | Tanques ou Depósitos inadecuados (por deseño, construción, localización, mantemento, uso, etc.) por exemplo non estancos, fabricados con material inadecuado para a natureza da substancia almacenada |
| B-1 | 2112 | Sistemas de condución de substancias ou preparados inadecuados (por deseño, construción, localización, mantemento, uso, etc.) por exemplo non estancos, fabricados con material inadecuado para a natureza da substancia transportada |
| B-1 | 2199 | Outras causas relativas ao deseño, construción, montaxe, almacenamento, reparación e limpeza de instalacións de servizo e protección |
| | 22 | ELEMENTOS E DISPOSITIVOS DE PROTECCIÓN DE INSTALACIÓNS DE SERVIZO OU PROTECCIÓN |
| B-2 | 2201 | Ausencia/deficiencia de medios para evitar os contactos eléctricos directos (defectos no illamento das partes activas, barreiras ou envolventes inexistentes ou ineficaces, ausencia ou deficiencia nos medios para obstaculizar o paso ou incumprimento en canto ás distancias que conforman o volume de accesibilidade) |
| B-2 | 2202 | Deficiencias de illamento ou inadecuado grado de protección (IP) en condutores, tomas de corrente, aparatos ou conexións eléctricas defectuosas da instalación |
| B-2 | 2203 | Ausencia ou non funcionamento de elementos constituíntes do sistema de prevención contra contactos indirectos (interruptores diferenciais por ser inadecuados ou "ponteados", posta a terra, etc.) incluíndo dispositivos para a eliminación de electricidade estática |
| B-1 | 2204 | Ausencia ou non funcionamento de dispositivos para a eliminación da electricidade estática |
| B-1 | 2205 | Imposibilidade de corte omnipolar simultáneo en Instalacións eléctricas |
| B-2 | 2206 | Ausencia de protección contra sobre-intensidade, sobrecarga e cortocircuíto en instalacións eléctricas |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2008 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-2 | 2207 | Ausencia de protección contra sobrepresión (válvulas de presión, venteos, discos de rotura, válvulas de descarga,...) |
| B-2 | 2208 | Inexistencia, insuficiencia ou ineficacia de medios de extinción |
| B-1 | 2209 | Xeración de atmosferas perigosas por deficiencias de ventilación, natural ou forzada |
| B-2 | 2210 | Dispositivos encravamento violados (ponteados, anulados, etc.) |
| B-2 | 2299 | Outras causas relativas aos elementos e dispositivos de protección de instalacións de servizo e protección |
| | 23 | SINALIZACIÓN E INFORMACIÓN DE INSTALACIÓN DE SERVIZO OU PROTECCIÓN |
| B-2 | 2301 | Defectos ou insuficiencias na identificación de condutores activos e de protección |
| B-2 | 2302 | Conducións de fluídos perigosos deficientemente sinalizadas (inflamables, tóxicos, corrosivos, etc.) |
| B-2 | 2303 | Medios de loita contra incendios non sinalizados ou sinalizados incorrectamente (pulsadores de alarma, extintores, BIE...). |
| B-2 | 2399 | Outras causas relativas á sinalización e información de protección de instalacións de servizo e protección |
| B-2 | 2999 | Outras causas relativas ás instalacións de servizo e protección |
| | G.3 | MÁQUINAS |
| | 31 | DESEÑO, CONSTRUCCIÓN, LOCALIZACIÓN, MONTAXE, MANTEMENTO, REPARACIÓN E LIMPEZA DE MÁQUINAS |
| B-1 | 3101 | Deseño incorrecto da máquina ou compoñente que fai que non se cumpran os principios da prevención intrínseca e/ou da ergonomía |
| B-6 | 3102 | Modificacións realizadas na máquina que dan lugar a situacións de risco non previstas polo fabricante |
| B-4 | 3103 | Deficiente localización da máquina |
| B-1 | 3104 | Defectos de estabilidade en equipos, máquinas ou os seus compoñentes |
| B-1 | 3105 | Resistencia mecánica insuficiente da máquina |
| B-1 | 3106 | Deseño incorrecto da máquina fronte a presión interna ou temperatura ou agresión química |
| B-1 | 3107 | Focos de ignición non controlados (por causa mecánica, eléctrica, térmica ou química) |
| B-1 | 3108 | Fallos no sistema pneumático, hidráulico ou eléctrico |
| B-1 | 3109 | Órganos de accionamento inseguros (incorrecto deseño, non visibles ou identificables, que posibilitan arranques intempestivos, imposibilitan a detención de partes móbiles, variación incontrolada de velocidade, mal funcionamento do modo manual, etc.). |
| B-1 | 3110 | Falta de dispositivos de parada, posta en marcha e control no punto de operación (neste epígrafe non se contempla a parada de emerxencia) |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2008 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| B-1 | 3111 | Accesibilidade a órganos da máquina perigosos (atrapantes, cortantes, punzantes, ou con posibilidade de ocasionar un contacto eléctrico) |
| B-1 | 3112 | Accesibilidade ou falta de medios de illamento a zonas da máquina nas que pode haber substancias perigosas por perdas, fugas etc. ou a zonas extremadamente quentes/frías |
| B-1 | 3113 | Deficiencia dos medios de acceso ao posto de traballo ou de condución da máquina |
| B-1 | 3114 | Visibilidade insuficiente no posto de condución da máquina, xa sexa por un mal deseño ou por non dispoñer de dispositivos auxiliares que melloren a visibilidade cando o campo de visión non é directo (espellos, cámaras de T.V.) |
| B-1 | 3115 | Defectos ou ausencia no sistema de dirección da máquina automotriz, no mecanismo de embrague, no sistema de cambio de velocidades ou no sistema de freos |
| B-1 | 3116 | Dificultade para efectuar un adecuado mantemento, regraxe ou limpeza (accesibilidade a partes internas, dificultade de manipulación, dificultade de supervisión, ausencia de medios de diagnose) |
| B-1 | 3117 | Ausencia/deficiencia de elementos de montaxe de máquinas |
| B-1 | 3118 | Deficiencia no dispositivo de enganche/desenganche entre máquinas |
| B-2 | 3119 | Categoría insuficiente do dispositivo de mando ou de protección |
| B-1 | 3199 | Outras causas relativas ao deseño, localización, construción, montaxe, mantemento, reparación e limpeza de máquinas |
| | 32 | ELEMENTOS E DISPOSITIVOS DE PROTECCIÓN DE MÁQUINAS |
| B-2 | 3201 | Ausencia e/ou deficiencia de resgardos e de dispositivos de protección (nota: o fallo pode consistir na inexistencia de resgardos ou de dispositivos de protección, na súa mala instalación, na súa aplicación en lugar de outros máis adecuados ao risco que queren evitar) |
| B-2 | 3202 | Parada de emerxencia inexistente, ineficaz ou non accesible |
| B-2 | 3203 | Ausencia/deficiencia de proteccións colectivas fronte a caídas de persoas e obxectos desde máquinas |
| B-2 | 3204 | Ausencia/deficiencia de proteccións antienvorco en máquinas automotrices (ROPS) |
| B-2 | 3205 | Ausencia/deficiencia de estrutura de protección contra caída de materiais (ROPS) |
| B-2 | 3206 | Ausencia de medios técnicos para a consignación (imposibilidade de posta en marcha) da máquina ou vehículo |
| B-2 | 3207 | Ausencia de dispositivos que eviten que os traballadores non autorizados utilicen os equipos de traballo |
| B-2 | 3208 | Ausencia/deficiencia ou falta de uso de dispositivos que manteñan aos condutores ou aos traballadores transportados na súa posición correcta durante o desprazamento |
| B-2 | 3299 | Outras causas relativas aos elementos e dispositivos de protección de máquinas |

| BLOQUE DE CAUSAS | CÓDIGO DE CAUSA-2008 | CAUSAS |
|------------------|----------------------|--|
| | 33 | SINALIZACIÓN E INFORMACIÓN DE MÁQUINAS |
| B-2 | 3301 | Ausencia de alarmas (posta en marcha de máquinas perigosas ou marcha atrás de vehículos, etc.) |
| B-6 | 3302 | Deficiencia/ausencia do manual de instrucións de máquinas |
| B-2 | 3399 | Outras causas relativas á sinalización e información de máquinas |
| B-2 | 3999 | Outras causas relativas ás máquinas |
| | G.4 | OUTROS EQUIPOS DE TRABAJO |
